



# CCOO INFORMA 9/24

## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA

### Modalidade das axudas

- Modalidade A: Adquisición de vivendas localizadas nun municipio pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.
- Modalidade B: Adquisición de vivendas situadas no ámbito dun centro histórico.
- Modalidade C: Adquisición de vivendas cualificadas definitivamente como vivenda protexida de protección autonómica de réxime xeral ou especial.

### Requisitos das persoas beneficiarias

As persoas físicas maiores de idade que reúnan unha serie de requisitos que describen as bases reguladoras destas axudas e tamén en función da modalidade que se quere solicitar.

### Outros requisitos

As vivendas tamén deben cumprir una serie de requisitos que veñen definidos na norma.

### Contía da axuda

A contía máxima da axuda determinarase en función da modalidade da axuda que se solicite e terá o límite do 20 % do prezo de adquisición da vivenda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición:

- a) No suposto da modalidade A: a contía máxima da axuda será de ata 10.800 euros por vivenda.
- b) No suposto da modalidade B: a contía máxima da axuda será a seguinte:
  - 1ª) Ata 12.800 euros por vivenda, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos.
  - 2ª) Ata 10.800 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.
  - 3ª) No suposto de vivendas situadas nun ámbito declarado Área Rexurbe, a contía da axuda será de 15.000 euros por vivenda.
- c) No suposto da modalidade C: a contía máxima da axuda será a seguinte:
  - 1ª) No caso de vivendas situadas en municipios de prezo máximo superior, ata 20.000 euros por vivenda, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos, e ata



16.000 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.

2º) No caso de vivendas situadas nos restantes municipios de Galicia, ata 16.000 euros, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos, e ata 12.000 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.

No suposto de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa, o importe da axuda que puidese recibir a persoa beneficiaria que adquira unha parte dela determinarase aplicando a porcentaxe de cota adquirida ao importe da axuda que lle correspondería, para o caso de ter adquirido o 100 % da vivenda.

### **Solicitudes**

A solicitude realizarase mediante a presentación do formulario que se incorpora como anexo I a esta resolución, debidamente cuberto, e deberá dirixirse ao IGVS. Nos supostos de adquisición da propiedade da vivenda por máis dunha persoa, cada unha delas deberá presentar a súa correspondente solicitude, debendo facelo para a mesma modalidade de axuda, no suposto de que a vivenda cumpra máis dun requisito dos establecidos.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No formulario de solicitude a persoa solicitante deberá realizar unha serie de declaracións responsables.

### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será do 14 de febreiro ao 31 de outubro de 2024 e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no DOG mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

### **Máis información**

DOG núm. 31, martes 13 de febreiro de 2024:  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240213/AnuncioC3Q2-090224-0005\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240213/AnuncioC3Q2-090224-0005_gl.pdf)  
(código de procedemento VI501A).